

SEGUNDO DE ESO.

Ola rapaces! Como estades? Espero e desexo que todos estedes ben. Mándovos unha gran aperta con todo o meu cariño e o meu ánimo .**Bótovos de menos !!!!** Xa falta menos para reencontrarnos.

A continuación , propóñovos unha serie de actividades coa confianza que vos resulten interesantes e permitanvos pasar un rato entretidos, adquirindo algúns coñecementos e descubrindo algunhas curiosidades.

TAREFA 3ª SEMANA.30-3-2020.

OS CASTELOS MEDIEVAIS

Os castelos foron as construcións que mellor definiron a época medieval. Foron residencia dos señores feudais e símbolo do seu poder militar.



1. Para coñecer mellor as funcións e o papel que tiveron os castelos na Idade Media, investiga cada un dos apartados que se propoñen a continuación.

Localización do castelo e función: lugar, defensa, refuxio, etc.

Sistemas de construción: evolución, materiais empregados, etc.

Sistemas de defensa: fosos, ameas, etc.

Partes dun castelo e para que servían: torre da homenaxe, cociñas, igrexa, barbacá, etc.

Principais castelos de España ou da túa comunidade autónoma: cita algunhas características de cada un e por que foron importantes

MOSTEIROS MEDIEVAIS

O clero foi o depositario da cultura na Idade Media, e os mosteiros foron o centro da actividade intelectual. Nos *scriptorium* escribiron copias perdurables de libros gregos e romanos, conservando esta herdanza do saber para todos nós.

A continuación, responde as seguintes preguntas.

1. De que se encargaba o copista? Onde realizaba o seu traballo?
2. Que ferramentas necesitaba o copista para realizar o seu traballo? Como as utilizaba?
3. Investiga se en España tamén existiron mosteiros con *scriptorium*.
4. A película *O nome da rosa* permítenos ver unha marabillosa recreación da vida monacal na Idade Media e, en concreto, do labor que os monxes realizaban cos libros. Coñeces a película? E o libro que recrea? Investiga as respostas a estas preguntas e fai un breve resumo cos puntos principais do argumento. Logo, exponllo aos teus compañeiros.